

Declaración «Reunidos no nome do Señor» da Parroquia de San Carlos Borromeo

A decisión tomada polo Arcebispado de Madrid de pechar a nosa parroquia fainos pensar que a entreverada esperanza de que o Papa actual dese signos de apertura e confirmase o camiñar renovador dunha igrexa posconciliar, foise desvanecendo. Ahí están as recentes alarmas teolóxicas de Roma contra Jon Sobrino e outras que estanse a producir en diversas partes da Igrexa. A nosa parroquia, (coñecida como parroquia dos marxinados) presidida polos cregos Javier Baeza, Enrique de Castro, e Pepe Díaz, e constituída por unha pléyade de persoas moi diversas, é testigo de cómo entraron nela e encontraron condicións para chamala a *súa casa*, casa que lles permitiu facer amizade e comunidade con outros, buscar e reafirmar o sentido da vida e compaxinar as súas afanes e loitas humanas coa fe en Xesús de Nazaret. Algo, pois, máis que un lugar de rutina para cumprir preceptiva e ordenadamente uns rituais relixiosos.

Non nos imaxinamos a Xesús de Nazaret, que di estar alí onde se reúnan dous ou máis no seu nome, dispersando e alexando da súa carón, a un grupo, a unha persoa calquera, que buscara oílo, coñecelo, estar con él e seguilo. O seu era a cercanía, a mezcla coa xente, a instintiva preferencia por quen es veía máis débiles, caídos, excluídos ou necesitados: publicanos, pecadores, prostitutas, extranxeiros, etc.

A Xesús non se lle veía reunido en lugares distinguidos, especialmente preparados, nos que se lle recibira con pompa e reverencia. Improvisaba calquera lugar. Había quen es, provenientes de clase ou función social relevante, se lle acercaban taimados, dispostos a examinalle e tenderlle unha trampa. Eran os Sumos Sacerdotes, os Senadores seglares de familias aristócratas, os Letrados (saduceos e escribas).

Con eles Xesús foi implacable na denuncia do seu orgullo e hipocresía, do seu afán por figurar e dominar. O que menos lles toleraba era os seus abusos no nome da relixión. A súa sentenza de que «hai que destruílo templo» os exegetas interpretana como que o templo, en cuanto tal, xa non é necesariamente o lugar de encontro con Deus e menos cando ese templo fora simbolizando a un Deus favorecedor dos privilexios da casta sacerdotal e lexitimador de impostos e cargas para os campesiños: «Chega a hora en que os verdadeiros adoradores adorarán ó Padre en espírito e en verdade» (Jn 4, 21-23).

No pobo polo contrario, descoñecedor da lei e menospreciado, escoitabao encantado, facía correr o seu nome de boca en boca.

Podemos comprobar con gozo que o documento do Vaticano II «Presbyterorum Ordinis», dedicado ós sacerdotes, reflexa este espírito cando escribe que os presbíteros «viven entre os demais homes como entre irmáns», «no deben alexarse do pobo de Deus nin de ningún home», «non deben sentirse extraños á súa existencia e condicións de vida», «deben coñecelos de verdade», e poidan así «facerse como San Pablo todo para todos» (PO,3), «tratando, polo tanto, a todos con eximia humanidade, a exemplo do seu Señor» (PO, 6). As tarefas dos presbíteros, segundo o Vaticano II, son claras: 1ª) Exercer o seu ministerio ó modo que o exerceu Xesús, sacerdote do pobo para o pobo. 2ª) Predicar o Evanxelio de Deus a todos, pero adaptado ás circunstancias concretas da vida, segundo as diversas necesidades dos oíntes. 3ª) Constituir e aumentalo pobo de Deus. 4ª) Educalo nunha fe sincera e libre: «De poco aproveitarán as ceremonias por belas que sexan, se non se ordenan a educar ós homes para que consigan a súa madurez cristiá». Tal educación debe axudarlles a discernir os acontecementos e a cultivar unha vida comunitaria. 5ª) «Considerar que os pobres e os débiles, cos que o Señor presentouse especialmente asociado, e cuia evanxelización dase como signo da obra mesiánica, estánlle confiados de maneira especial» (PO, 6). Non entendemos que unha «parroquia de marxinados», en consonancia có Evanxelio e o Vaticano II, se pretenda configurala como unha parroquia máis ou menos burguesa das nosas cidades, onde predomina frecuentemente a primacía estereotipada do crego e a regularidade estética do culto e non a participación directa e viva da comunidade.

Se nos empeñamos en seguir ó pé da letra, e nada máis que ó pé da letra, o deseño litúrxico do Misal romano coas súas pormenorizadas rúbricas, damos como morta toda vida e creatividade litúrxica. Máis que en creadores convertímonos entón en recitadores mecánicos de fórmulas litúrxicas, que nos impiden levar a celebración eucarística á realidade viva do noso tempo, da nosa xente, da nosa comunidade e das nosas persoas concretas. ¿Por que unha comunidade de hoxe non pode crear as súas oracións propias como o facían as comunidades anteriores nas súas respectivas circunstancias? ¿Qué fai supor que aquelas fórmulas –particulares de entón– deben ser asumidas ó

pé da letra e non poidan ser substituídas por outras de hoxe? O esencial –que é o que hai que gardar– é permanente; pero o accidental, cambia e é variable. Esta estéril e aburrida repetición de fórmulas e modelos do pasado é lo que levaba a calificar a boa parte da nosa liturxia de *momia sacra*. Non é difícil descubrir, trala decisión de pechala nosa parroquia de San Carlos Borromeo, unha peculiar concepción teolóxica:

- A autoridade eclesiástica considerase aparte e por riba da comunidade e, polo tanto, como autónoma e válida por sí mesma.
- A persoa é *a natura* corrupta e impotente para o ben.
- A persoa e toda a realidade creada desenvólvese baixo dúas dimensións: unha profana e outra sagrada.
- A sanación, realización, santificación e goberno da persoa non é posible sen a mediación dos ministros sagrados, depositarios e portadores da verdade, da santidad e do goberno.

No fondo, hai unha desposesión da santidad ou bondade ontolóxica da persoa, das súas capacidades innatas para actuar con reflexión, liberdade e responsabilidade e, lóxicamente, unha desconfianza radical en sí mesmo e unha dimisión de sí noutras instancias externas que lle aseguran o que por sí mesmo non podería adquirir.

Este pensar sostén en incolumidade o valor sagrado da autoridade, a dependencia total dela, e a xustificación de toda sorte de arbitrariedade e despotismo. Naturalmente, nada disto casa co que di o concilio Vaticano II: «A personal dignidade e liberdade do home non encuentran en ningunha lei humana maior seguridade que a que encontra no Evanxelio de Cristo, confiado á Igrexa. Pois este Evanxelio proclama e enuncia a liberdade dos fillos de Deus, rechaza toda escravitude, respecta como santa a dignidade da conciencia e a liberdade das súas decisións, amonesta continuamente a revalorizar tódolos talentos humanos no servizo de Deus e dos homes. E, así, a igrexa proclama os dereitos humanos e recoñece e estima en moito o dinamismo do noso tempo, co que se promueven estes dereitos por todas partes» (GS, 41).

Á hora de discernir a validez e oportunidade desta decisión eclesiástica, propoñémonos seguir fieles ó Señor e ós irmáns, guiándonos polos seguintes principios:

1. Volver a Cristo, norma fundante e fundamental da Igrexa.

O Vaticano II decretou a renovación. Sen renovación a igrexa languidece e áncrase estéril no pasado. Pero a reforma na Igrexa non é posible se non é voltando a Xesús. Non hai máis futuro para a Igrexa que o que ven de Xesús. A Igrexa só foi grande cando ensallou humildemente o seguimento de Xesús. Para discernir o que é abuso, desviación ou infidelidade na Igrexa non temos máis medida que o Evanxelio. Moitas das tradicións establecidas na Igrexa poden levala a un verdadeiro cautiverio. Con gran acerto, o concilio volveu a recordarnos cá Iglesia non ten máis centralidade que a persoa de Xesús. E si ela pretende seguir a Xesús, non ten máis que seguir contandolle ó mundo o que ocorreu con Xesús, proclamando a súa ensinanza e a súa vida. Xesús non foi un soberano deste mundo, non foi rico, senon que viviu coma un aldeano pobre e, polo seu programa, -anunciou do Reino de Deus: dignidade, igualdade e emancipación dos máis pobres foron os grandes deste mundo (imperio e sinagoga) os que o perseguiron e eliminaron. A súa condena a morir na cruz, arroxado fora da cidade coma un estercolero, é a mostra suprema da súa incompatibilidade cós señores deste mundo. Destrozado polo poder, é o servo sufrinte, imaxen doutros innumerables servos, derrotados polos que gobernan e se fan chamar señores, pero acreditado e resucitado por Deus mesmo.

2. Volver a unha Igrexa anunciadora do Reino e servidora.

«A Igrexa recibe a misión de anunciar o reino de Cristo e de Deus e instauralo en tódolos pobos» (LG, 5). O que Deus desexa para o mundo, en perspectiva cristiá, fíxoo manifesto a través de Xesús. E a Igrexa, se algún encargo ten, é o de manifestar o feito por Xesús. Nunca a Igrexa é meta de sí mesma. A salvación ven de Xesús, non da Igrexa. Nunca ela tivo outro Señor. Cristo mesmo non se anunciou a sí mesmo nin se predicou a sí mesmo senon ó Reino. A Igrexa, discípula e seguidora súa, debe facer o mesmo. A súa vocación é servir, non dominar: «Sera da humanidade», a chamaba o Papa Pablo VI. Este servizo faino vivindo no mundo, sentíndose parte do mundo e en solidariedade con él, pois «o mundo é o único tema polo que Deus se interesa».

3. Volver a unha Igrexa democrática e democratizadora que faga real a igualdade

«No Pobo de Deus é común a dignidade dos membros, común a gracia da filiación; común a chamada á perfección: unha sola salvación, única a esperanza e indivisa a caridade. Non hai, por conseguinte, en Cristo e na Igrexa ningunha desigualdade por razón da raza, da nacionalidade, da condición social ou do sexo, porque non hai xudío nin grego; non hai servo ou libre; non hai varón nin muller. Pois todos vos sodes «un» en Cristo Xesús» (Gal 3,28 gr.; Col 3, 11) (LG, 32). «Existe unha auténtica igualdade entre todos en cuanto á dignidade e á acción común a tódolos fieles en orden á edificación do Corpo de Cristo» (LG, 32). A democratización da Igrexa é asunto seu vital para que poda adquirir credibilidade na sociedade actual. Pero esa democratización non é posible sen lograr unha auténtica convivencia de irmáns e iguais. E este obxectivo non se logra certamente polas sendas dun sacerdocio presbiteral superior, privilexiado e excluente, tal como aparece configurado con concentración absoluta do poder no vértice, e delegado nos demais grados da xerarquía.

Para emprender este camiño hai que partir da vida de Xesús, o cual, sendo laico, «produciu un cambio de sacerdocio» (Hb 7,12), «foi sacerdote pola forza dunha vida indestructible» (Hb 7,16). A constitución do sacerdocio de Xesús está en que «aseméllase ós seus irmáns, é compasivo, proba o sufrimento, ofrece na súa vida mortal oracións a gritos e bágoas, é dicir, identifícase co seu pobo, sen avergoñarse de chamalos irmáns». A vida enteira de Xesús foi unha vida sacerdotal, no sentido de que se fixo home, foi un pobre, loitou pola justicia, fustigou os vicios do poder, identificouse cos máis oprimidos, defendeunos, acosellounos e tratou sen discriminación ás mulleres, entrou en conflito cos que tiñan outra imaxe de Deus e da relixión e tivo que aceptar por fidelidade ser perseguido e morrer crucificado fora da cidade. *Este orixinal sacerdocio de Xesús é o que hai que proseguir na historia.*

Consecuentemente, é isto o que ensina o Vaticano II: «*Tódolos bautizados son consagrados como sacerdocio santo*» (LG, 10). Como ensina o apóstolo Pablo hai na Igrexa diversidade de funcións, pero ningunha delas se traduce en rango, superioridade ou dominio. Todos son irmáns e irmás e, en consecuencia, iguais. Unha tarefa ésta inmensa de cara ás mulleres, dobremente discriminadas na Igrexa como laicas e mulleres.

A responsabilidade é de todos, dentro dun modelo comunitario, con diversidade de carismas, derramados polo Espírito para o servizo da comunidade. Unha igrexa comunitaria e pluralista.

O Vaticano II non pon o fundamento da Igrexa no esquema bipolar «clérigoslaicos» que quita protagonismo, participación e responsabilidade á asamblea cristiá. Todo cristián e toda cristiá participan na triple función de Cristo: *ensinar santificar e gobernar*. A Igrexa entera, pobo de Deus, prosigue o sacerdocio de Cristo, sen perdela laicidade, no ámbito do profano e inmundo, dos echados fora. *Este sacerdocio* é o primeiro e sustancial; *o outro*, o presbiteral, é un ministerio admirable, pero en cuanto ordenado ó común é posterior, secundario e de servizo. O presbítero é, antes que nada, «ministro da Palabra», que debe comunicar a todos, sen que se vexa ceñido exclusivamente ó altar e á administración dos sacramentos.

4. Volver a unha Igrexa profundamente humana que establezca unha nova relación có mundo.

O cambio de relación da Igrexa có mundo é un dos cambios maiores operados polo Vaticano II. Son moitos os textos nos que o concilio fala «de tender unha ponte hacia o mundo», «de querer entablar un diálogo con él», «de sentirse solidario coa súa historia», «de considerar os seus senderos coma propios», etc. A Igrexa expresaba a súa conciencia de necesitar ser evanxelizada, de reconocer o dinamismo da época actual e cuanto de bó, verdadeiro e xusto existe na variedade das institucións humanas, de escoitalo e aprender de él, de proclamar os dereitos humanos. (Cfr. GS, 1, 40,42,43) . O concilio abríase con inmensa simpatía ó mundo, á ciencia, ó progreso, ós valores humanos, á colaboración entre a ciencia e a fe, ó respecto da autonomía do creado e os dereitos da razón, da ciencia e da liberdade. Resulta estimulante volver a lembrar estas palabras do papa Pablo VI: «Vos, humanistas modernos, recoñecedes o noso novo humanismo: tamén nos –y máis que ninguén- somos promotores do home» (Pablo VI, 7-XII-1965, nº 8). Isto mesmo expresou o papa Juan Pablo II na súa encíclica *Dives in misericordia*: «Mentres as diversas correntes do pasado e do presente pensamento humano foron e seguen sendo propensas a dividir e incluso contrapor o teocentrismo e o antropocentrismo, a Igrexa, en cambio, seguindo a Cristo, trata de unilas na historia

do home de maneira orgánica e profunda. Este é tamén un dos principios fundamentais, e quizáis o máis importante, do Magisterio do último concilio» (*Dives in misericordia*, 1).

Valoración e conclusións

Afortunadamente, a base e guía fundamental do cristiano é o Evanxelio, que xuzga calquera comportamento, incluído o da xerarquía. Todo mandato debe ser conforme á razón e ás pautas do Evanxelio. E, en medida en que non sexa nin racional nin evanxélico, é lícito non obedecelo. Cómpre saber obedecer, pero tamén cómpre saber mandar. Polo personal e comunitariamente vivido, polo inmediatamente acontecido, entendemos e, por iso, o denunciámos, que a autoridade eclesiástica, representada polo cardenal de Madrid, actuou de modo arbitrario e ilícito.

1. Tal actuación demostra que dita autoridade xuzgou e manifestou sen fundamento, que a comunidade parroquial de San Carlos Borromeo celebra a Eucaristía en disconformidade có espírito e esixencias da verdadeira liturgia católica.
2. Ó procedemento seguido ata adoptar esta decisión, demostra todo un talante distante, desconfiado, autoritario, que non se moveu a impulsos do exixido por un trato e diálogo de igualdade fraternal. A autoridade descoñece o ritmo real da nosa comunidade, non escoitói nin respectou, e máis que un servizo de apoio, felicitación e alento expresou un comportamento de incompreensión, reproches e prepotencia hacia os sacerdotes e membros de toda a comunidade. Unha decisión dese tipo non é aprobable nin evanxélicamente, ni teolóxicamente, nin éticamente, nin xuridicamente.
3. É inadmisíble a valoración dual que se fixo, a distancia e sen coñecemento de causa, de que *no social* a comunidade é admirable e *no litúrxico e catequético* un desastre. Ese dualismo non existe na comunidade senon na mente de quen tal pensa e ordena. Na comunidade parroquial o anuncio do Evanxelio é esencial e serve para iluminar, guiar e formalos comportamentos da comunidade. O seu vivir non está separado da súa fe, dunha fe non seguemento de Xesús, norma fundamental de todo o quehacer cristián.
4. Temos motivos suficientes para expor o noso desacordo cos xuícios e decisións do noso Pastor e invitarlle a mostrar máis confianza e respecto nos seus irmáns na fe, a implicarse antes de xuzgar na súa vida, problemas, sufrimentos, loitas e esperanzas das súas asembleas eucarísticas, a reconsiderar e lamentar a decepción que lles produxo e reparala mala imaxe que da Igrexa está proxectando en moitos ambientes e multitudes de persoas e en moitísimos dos que, contra o que él e os seus asesores pensan, encontraron nesta parroquia atracción, claves e motivacións evanxélicas e humanas para sentirse máis humanos e loitar por un mundo máis xusto e fraternal.
5. Doenos que, ante tanta vida, de tantos anos, surxida de tanto amor, xenerosidade e compromiso nos vexamos precisados a sufrir actitudes e accións tan injustas e improprias duns irmáns na fe, cuia misión é promover e asegurar a unidade na fe, o amor e a esperanza.

Declaración reflexionada, comentada e aprobada na Asemblea Comunitaria pola Parroquia de San Carlos Borromeo

Madrid, 1 de Abril de 2007